

# ORDENANZAS FISCAIS ANO 2009

## ORDENANZA REGULADORA DA VENDA AMBULANTE NO CONCELLO DE O PINO.

### TÍTULO I. -

#### Capítulo 1º - Disposicións xerais

Art. 1º - Ambito de aplicación - A presente ordenanza ten por obxecto o establecemento dos requisitos, condicións e termos xerais que deben cumprirse para o exercicio da venda fora dun establecemento comercial, na vía pública, en terreos edificables ou en espazos abertos co emprego de instalacións desmontables e transportables en todo o termo municipal. A presente ordenanza está en conformidade co disposto na lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, no RDL 781/1986 de 18 de abril, na lei 10/1988 de 20 de xullo de ordenación do comercio interior de Galicia, así como no Decreto 194/2001 de 26 de xullo de ordenación da venda ambulante.

Art. 2º - Queda prohibido en todo o Concello de O Pino a venda ambulante que non se axuste ó contido da presente ordenanza

Art. 3º - O Concello establecerá zonas urbanas para o exercicio da venda na vía pública e espazos abertos; fora destas zonas e espazos non estará autorizada a venda.

Art. 4º.- Considérase venda ambulante a realizada por comerciantes fora dun establecemento comercial permanente, de forma habitual, ocasional, periódica ou continuada, nos lugares autorizados, en instalacións desmontables ou transportables. Só poderá levarse a cabo en mercaods periódicos ou ocasionais ou en postos instalados na vía pública desmontables ou en vehículos. Só poderá levarse a cabo baixo as seguintes modalidades:

- venda ambulante en mercados periódicos, mercados situados en poboacións en espazos determinados e coa periodicidade establecida
- venda ambulante en postos instalados na vía pública previamente autorizados
- venda ambulante en mercados ocasionais realizados con motivo de feiras, festas ou acontecementos populares
- venda ambulante mediante camións ou vehículos tenda, autorizada en zonas ou lugares determinados.

Art. 5º .- A práctica da venda ambulante requerirá autorización expresa do Concello, quedando exceptuada a venda de produtos alimenticios prohibidos conforme a normativa xeral en vigor.

## TÍTULO II

### CAPÍTULO II - PROCEDIMIENTO

Art. 6º - O Alcalde será competente para autorizar a venda en calquera das modalidades previstas nesta ordenanza e poderá delegar a competencia na Comisión de Goberno.

Art. 7º - Poderán optar á concesión das licencias que se regulan nesta ordenanza tódolos españois ou extranxeiros maiores de idade que teñan capacidade xurídica de obrar conforme coa lexislación mercantil e co establecido na Lei 10/1988 de 20 de xullo de ordenación do comercio interior de Galicia

Art. 8º -

1. A solicitude para o exercicio da actividade deberá ser presentada pola persoa interesada ou o seu representante legal, mediante instancia dirixida o Sr. Alcalde no Rexistro do Concello na que se fará constar os seguintes datos:

- nome e apelidos, enderezo, teléfono e número do DNI da persoa ou representante
- localización entre os lugares autorizados, no que pretenda desenvolver a actividade
- mercadorías que se van expender
- tempo polo que solicita a autorización
- metros cadrados de ocupación que se solicitan

2. Achegarase coa solicitude:

- fotocopia do DNI
- 3 fotografías tamaño carne
- xustificante de estar inscrito como traballador autónomo na seguridade social e estar ó día no pagamento das cotizacións correspondentes
- xustificante de estar inscrito no IAE e estar ó día no seu pago
- xustificantes de que reúne tódolos requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos obxecto de venda
- declaración expresa na que o solicitante manifieste coñecer as normas ás que debe axustarse a súa actividade e o seu compromiso de observalas
- declaración xurada de non estar incurso en ningún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos pola lei para o exercicio do comercio
- xustificante de estar inscrito no Rexistro de comerciantes ambulantes de Galicia
- xustificante de estar debidamente identificado como comerciante ambulante segundo o establecido no decreto 194/2001.

Art. 9º - Os cidadáns que non pertencen a UE deberán acreditar antes de serlles entregada a autorización, poseer o correspondente permiso de traballo por conta propia.

Art. 10 - As autorizacións referidas no apartado anterior quedarán anuladas ó serlles revocados os permisos de traballo

Art. 11º.- As licencias serán persoais e intransferibles. Os seus titulares serán exclusivamente persoas físicas e serán concedidas por prazo determinado, que en ningún caso excederá dun ano. A autorización habilitará no seu caso ó conxuxe do titular ou descendentes directos maiores de 16 anos e ás persoas vinculadas con contrato laboral

Art 12º.- Se o titular interrompe a actividade e ocupación para a que está autorizado por un tercio do período da súa vixencia, producirase automaticamente a súa caducidade

Art 13º - Nas autorizacións expresarase:

- nome e apelidos do vendedor
- DNI
- enderezo
- fotografía
- modalidade de venda autorizada
- mercadorías que se van expender
- localización e horario
- número de metros cadrados do posto
- prazo de vixencia
- referencia á obriga de coñecer e cumprir a normativa xeral de ordenación do comercio

Art 14º - As licencias entregaranse logo da comprobación dos requisitos expresados no art. 8 da ordenanza

Art 15ª - Para o uso do comercio ambulante cumprirá o uso de instalacións desmontables e transportables ou de camiós ou vehículos tenda, ofrecendo as condicións de seguridade e hixiene. Queda prohibida a exposición de mercadorías no cham

En ningún caso poderán situarse os postos en accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais ou industriais nin diante dos seus escaparates ou exposicións. Tampouco naqueles lugares nos que se dificulten tales accesos ou a circulación peatonil.

Art. 16º.- A autorización municipal ou xustificante do aboamento do IAE exhibirase obrigatoriamente no respectivo posto de venda. A Administración municipal reservase a facultade de exercer unha inspección periódica e constante para comprobar o cumprimento deste esixencia e o acatamento das restantes prescricións desta ordenanza

ART. 17º - Prohíbese traspasar ou ceder a licencia así como cambiar a localización da actividade sen autorización municipal

Art. 18º -

A. O incumprimento das normas establecidas a presente ordenanza e nas normas de aplicación, orixinará a incoación do correspondente procedemento sancionador. As faltas clasificaranse en leves, graves e moi graves.

B. Serán faltas leves:

- a discusión entre vendedores
- a venda de produtos distintos ós autorizados na licencia
- aumentar a superficie do posto con máis metros dos autorizados, ou non gardar a distancia entre postos que lle foron sinalados.
- non deixar limpo e recollido o lugar onde estivo instalado

C. Son faltas graves

- a venda dende vehículo cando estea expresamente prohibida
- a comisión de catro faltas leves nun ano
- realizar a venda en lugares, datas e horario diferente ós autorizados
- negarse a pagar o prezo público correspondente
- desobedecer as ordes do encargado do mercado ou vixiantes autorizados, dentro do establecido nas presentes normas
- ocupar o sitio ou vender no lugar que corresponda a outro vendedor
- dedicarse á venda ambulante sen a correspondente autorización

D. Son faltas moi graves

- Intentar ou facer transferencias de postos á conta do Concello.
- A Comisión de catro faltas graves nun ano

E. Sancións:

A. para faltas leves:

- amoestación
- multa de ata 60,10 €
- suspensión da autorización municipal de 1 a 15 días

B. para faltas graves

- multa de ata 120,20 €
- suspensión de licencia de 3 a 6 meses

C. para faltas moi graves

- multa de ata 300,51 €
- suspensión de licencia de 6 meses a 1 ano
- retirada definitiva da licencia

Para as faltas graves e moi graves poderá esixirse ó infractor a retirada inmediata do posto e en caso de non realizalo farao o Concello de O Pino

O Pino, 8 de novembro de 2002